

**MOCIÓN** que presenta o GRUPO MUNICIPAL AGROMA SOBER a través da súa voceira Paula Vázquez Verao, relativa á **declaración BIC do Pazo de Sober**

## **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O proxecto hoteleiro no Pazo dos López de Lemos de Sober foi fortemente apoiado dende o inicio por distintas administracións, resultando un fracaso empresarial.

Na actualidade, o hotel reabriu en xuño de 2019, como “Hotel Eurostars Pazo de Sober”, mediante xestión da cadea hoteleira HOTUSA. Descoñecendo a marcha da xestión do Pazo, si temos constancia de queixas de veciñanza e visitantes, no sentido de que non se permite a visita aos xardíns e zona interior nin o uso regular da cafetería.

O artigo 48 da Lei de Patrimonio Cultural de Galicia establece o réxime de visita pública aos bens declarados como Ben de Interese Cultural, dispoñendo que as persoas propietarias deben permitir “ visita pública gratuíta un número mínimo de catro días ao mes durante, polo menos, catro horas ao día”.

En 2009, o Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) concede ao proxecto hoteleiro unha axuda a fondo perdido de 887.619 €, na liña de “grandes investimentos”, para unha inversión inicial fixada en 5.221.294 €. Ese mesmo ano, o Ministerio de Facenda concedeu tamén para o proxecto unha subvención directa de 418.083 €. A data de vixencia de ambas axudas foi o 1 de xuño de 2011 e o 30 de setembro de 2011, respectivamente.

O mesmo IGAPE, en novembro de 2009, concedeu a este proxecto un préstamo, a baixo interese, do Banco Europeo de Inversións, por importe de 2,5 millóns de euros. Segundo comunicou a Consellería de Industria, “en data do catro de xuño de 2010, a empresa promotora deste investimento xa puido dispoñer da totalidade do préstamo directo concedido polo IGAPE, por importe de 2,5 millóns de euros.”

O Concello de Sober invertiu en accesos ao entorno – a través de subvencións da Consellería de Presidencia – e no saneamento – a través dun plan de obras da Deputación Provincial de Lugo -.

Un dos compromisos tanto do Concello como da Consellería de Cultura fora ter fórmulas de colaboración na “organización de convocatorias culturais” así como “na promoción do turismo de calidade”; asemade, o Goberno Local comprometeuse a facer seguimento da marcha do hotel.

Durante este verán, recibimos múltiples queixas de veciñanza e visitantes pola imposibilidade de visitar os xardíns e as zonas comúns do Pazo, así como pola imposibilidade de facer uso da cafetería.

Consideramos que unha construción de tal importancia para a historia de Sober, que foi elevada co esforzo do campesiñado ao longo da historia, e na que para a súa reconstrución se investiu un volume inxente de cartos públicos, merece ter algún réxime de visitas e gozo por parte da cidadanía.

Polo exposto, o Grupo Municipal de AGROMA SOBER propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

**O Pleno do Concello de Sober acorda solicitar á Xunta que, no prazo máximo de 6 meses, elabore un estudo sobre as posibilidades de declaración do Pazo de Sober como BIC e as posibilidades de uso e gozo do inmovible por parte da cidadanía.**